Compostela, 20-VII-56

Sr. D. Luis Seoane
B. Aires.

Meu querido e lembrado amigo:

Fai tempo que recibín o teu libro "Na Brétema, Sant-Yago". Tamén fai tempo que tiña mentes de che escribir pra comunicarche que o tiña recibido e, sobre todo, pra che facer presente a miña gratitude máis sincera por me teres incluído entre o número dos favorecidos con tan fermoso agasallo. Os mil trafegos cotiáns dos que endexamáis me dou desencerellado foron aplazando a miña carta. Non quero, con todo, que pase máis tempo. Nistes días en que se achegan as festas da Terra lémbrome moito de vós e non quero deixar de che escribir unhas liñas.

Como podes supoñer, lin o teu libro con devoción. Gós-

tarne a forte sinxeleza poética das evocacións. Si, amigo, a nota predominante dos teus poemas é, ó meu ver, a sinxeleza. Pro unha sinxeleza forte. Algunhas das evocacións teñen unha certa plasticidade valleinclanesca, pro, ainda estas, singularízanse craramente pol-o seu recendo a espontaneidade emotiva, pola sua carenza de ourivesía literaria. Con todo, como teño a obriga de che ofrecer o amistoso homenaxe da sinceridade, debo de che confesar que me impresionaron máis fondamente os grabados, alguns dos cales parécenme sinxelamente estraordinarios. O libro en conxunto é unha fermosa xoia.

Eu dounos a conocer ós mozos, cos que teño frecuente contaito. E agora cando me marche de vacacións levareino pra amostralo ós devotos das nosas letras.

Con Maide, con Domingo e con Fole - eiquí ou en Lugo - teño moitas ocasións de te lembrar e de comentar a tua asombrosa capacidade creadora, que a todos nos ten ademirados.

Unha aperta moi forte do teu amigo

Ramón Piñeiro